



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE MARZO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/503/2019.- CANDO, S. L.- Conceder licenza para obras de construción dun edificio de 2 sotos, planta baixa, 2 plantas altas e baixo cuberta, garaxe, rochos, local, oficinas e 6 vivendas en rúa Sánchez Freire, 75 – 77 -79.

LIC/1618/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA SANTA UXÍA DE RIBEIRA, 10.- Conceder licenza para obras de instalación de ascensor e rehabilitación de fachadas e cuberta no inmovible sito na rúa Santa Uxía de Ribeira, 10.

LIC/460/2019.- JUAN LUÍS GARCÍA LEBORÁN.- Conceder licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar situada na rúa do Medio, 41 A.

LIC/240/2008.- MANUEL FERREIRO PADERNE.- Aceptar a cesión de viario formalizada en Escritura pública de data 10 de xuño de 2008, outorgada ante o notario d. Carlos de la Torre Deza, co número de protocolo mil seiscentos vinte e sete.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de construción dun edificio de 2 sotos, planta baixa, 2 plantas altas e baixo cuberta, garaxe, rochos, local, oficinas e 6 vivendas en rúa Sánchez Freire, 75 - 77 -79. LIC/503/2019. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de instalación de ascensor e rehabilitación de fachadas e cuberta no inmovible sito na rúa Santa Uxía de Ribeira, 10. LIC/1618/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar situada na rúa do Medio, 41 A. LIC/460/2019. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública de data 10 de xuño de 2008, outorgada ante o notario D. Carlos de la Torre Deza, co número de protocolo mil seiscentos vinte e sete. LIC/240/2008. Acéptase a cesión e concédese a licenza.

6.- Propostas relativas á validación de gastos correspondentes a contratos menores por razón da contía. Valídase o gasto correspondente á redacción do proxecto de ampliación da rede de abastecemento de Ponte Alvar (POS+2020), por importe de 3.826,98 euros.

7.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Recoñécense os gastos e apróbanse as correspondentes indemnizacións substitutivas a favor de: Autobuses Urbanos de Lugo y Trapsa, SA UTE, por importe de 2.606,28 €, pola prestación do servizo de tarxetas bonobús no cuarto trimestre de 2019; Compostela de Carnes, SL, por importe de 3.618,27 €, pola prestación do servizo de subministración de enerxía eléctrica ás dependencias do Parque Móbil e Vías e Obras; Ethical Services for Animals, SL, por importe de 19.413,24 €, pola prestación do servizo de lacería de outubro a decembro de 2019; Servicio Centros Públicos de Santiago de Compostela UTE, por importe de 89.421,23 €, pola prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIPs dependentes do Concello no mes de xaneiro; varias prestatarias, por importe de 38.705,79 euros, pola prestación de servizos de mantemento de ascensores, subministración de gas e gasóleo e mantemento

de copiadoras; varios provedores, por importe de 8.548,12, pola prestación do servizo de impartición de actividades nos centros socioculturais de novembro a xaneiro

8.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para as bibliotecas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas públicas de Galicia, e para as melloras das coleccións bibliográficas das mesmas, ano 2020. Acórdase a solicitude dunha subvención de 3.500 euros para a dotación de novidades editoriais en galego e outra de 5.000 euros para a mellora das coleccións bibliográficas, ambas para a Biblioteca José Saramago.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o programa "LER CONTA MOITO 2020". Acórdase a solicitude dunha subvención de 4.125 euros para as salas das bibliotecas dos centros socioculturais de Vite, Fontiñas, Conxo e Santa Marta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á aprobación do expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación da execución das obras no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI. Apróbase o gasto e ábrese o procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de 2.651.608,87 euros (IVE incluído).

11.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á prórroga do contrato de autorización de ocupación da vía pública na alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2018 e 2019, que se estendería a 2020. Acórdase a prórroga para 2020, por importe de 99.627,80 euros, sendo as datas autorizadas: festas da Ascensión, do 17 ao 31 de maio; festas do Apóstolo, do 17 de xullo ao 2 de agosto. En todo caso, as atraccións terán que estar montadas, como data límite, o 19 de maio e o 22 de xullo.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade Cidadán relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a xestora de concertos para a contribución aos servizos de extinción de incendios A.I.E. para a liquidación e recadación da contribución especial para o establecemento, mellora e ampliación do servizo de extinción de incendios. Apróbase a modificación proposta no seu punto 4.B, que queda coa seguinte redacción: "A Xestora, en representación das entidades aseguradoras adheridas á mesma, suxeitos pasivos da contribución, obrígase a abonar ao Concello, para cada un dos anos de vixencia do presente Convenio, a cantidade resultante de aplicar o 5% sobre o 100% das primas dos seguros de incendios e sobre o 50% das primas dos seguros multirrisco, do ramo de incendios, recadadas no ano inmediatamente anterior e que se refiran a bens situados no ámbito xeográfico do concello. Na súa virtude, no primeiro ano de vixencia do Convenio 2020, ingresaranse as cantidades correspondentes ás primas recadadas durante 2019 e así sucesivamente nas seguintes anualidades obxecto de prórroga".

13.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á ratificación da cesión da praza número 5 do aparcamento subterráneo de Romero Donallo. Ratifícase a cesión da praza.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "servizo para a reparación de pavimentos de calzada con afección á seguridade vial - Campaña inverno 2016. LOTE I: Excluído o ámbito PE-1. LOTE II: En ámbito PE-1 excluído intramuros". Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, por importe de 3.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2017 e Nadal 2018". Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa Iluminaciones Santiaguesas, SL, por importe de 8.3500 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza de "servizo de execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica de Santiago de Compostela -Campaña complementaria 2018-". Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa Oviga Obras y Viales de Galicia, SL, por importe de 5.000 euros.

17.- Expediente TXX/2172/2019 -Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Concédese o beneficio fiscal solicitado.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á resolución de incidencias de bolsas de comedor e actividades extraescolares da convocatoria do período 2019-2020, (aprobadas nas sesións de 13.11.19 e 30.12.19). Acórdase a aceptación dunha renuncia a bolsas de comedor e actividades, de dúas renuncias a actividades extraescolares, dunha modificación en actividades extraescolares e dunha solicitude de cambio de centro escolar. De acordo con todas estas modificacións, o importe total das concesións aprobadas verase reducido en 1.102.50 euros

19.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á iniciación do procedemento e aprobación das bases da convocatoria de concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago, ano 2020. Apróbanse as bases e a convocatoria, á que se destinan 15.000 euros.

20.- Proposta da alcaldía relativa á modificación de titularidade das casetas NC90-NC91-NC92 e NC93. Apróbase o cambio de denominación da sociedade titular das casetas.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato de "mellora e acondicionamento do local sociocultural de Grixoa. POS + 2019". Adxudícase o contrato á empresa Oviga Obras y Viales de Galicia, SL, por importe de 54.000 euros (IVE incluído).

22.- Dar conta de sentenzas. Tómase en coñecemento a sentenza favorable ao Concello relativa á imposición dunha sanción de 90.000 euros á discoteca Apolo por infracción moi grave, por exceder o aforo (953 persoas contabilizadas pola Policía Local nun aforo permitido de 250) e por outros elementos xustificativos (por exemplo, unha das portas de emerxencia atrancada).